



EXPEDIENTE 2026/E001/000003. Proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026.

Lista de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.

ANTECEDENTES

27.03.2026. Por Decreto da Alcaldía n.º 110/2026, aprobáronse as bases e a convocatoria para do proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026.

07.04.2026. Anuncio convocatoria e Bases de selección. (BOP. Núm 63)

17.04.2026. Finalización prazo presentación de solicitudes.

Solicitudes de participación:

Apelidos e nome	DNI
Amigo Barcala Ignacio	***4485**
García Villamor José Luís	***0336**
Pico Vázquez Marcos	***9197**
Rendo Facorro Ramón	***4582**
Tojo Lea Manuel	***8087**

01.06.2026 Por Decreto da Alcaldía n.º 191/2026, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección e publicouse o citado Decreto no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

04.06.2026. Constituíuse o Tribunal, procedeuse a realización do proceso, no que por unanimidade acordou:

Declarar deserto o procedemento de selección ao non superar a proba o único candidato presentado.

30.06.2026 Por Decreto da Alcaldía n.º 258/2026, presentouse a correspondente oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir as persoas candidatas para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado: un tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026.

02.07.2026 Resultado da selección remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte (oferta: 12-2026-6576, Emprego: CONDUTORES-OPERADORES DE MAQUINARIA FORESTAL CON MOTOR, EN XERAL) so constaba unha persoa candidata que estaba empregada.

06.07.2026 Resultado da selección remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia-Oficina de Santiago Norte (oferta: 12-2026-6599, Emprego: CONDUTORES-OPERADORES DE MAQUINARIA FORESTAL CON MOTOR, EN XERAL) onde constan:

Apelidos e nome	DNI	OBSERVACIÓNS
Botana Pereira José Manuel	***4485**	Non participa no proceso
Fandiño Barreiro Iván	***0336**	Non participa no proceso
Pereiro Mella Carlos José	***9197**	Non participa no proceso
Pérez Ponte Alfonso	***9903**	Participa no proceso



CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Decreto da Alcaldía n.º 110/2026, polo que se aprobaron bases e a convocatoria para do proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo mediante oposición dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026, como persoal laboral temporal.

Apelidos e nome	DNI
Pérez Ponte Alfonso	***9903**

SEGUNDO. Nomear ao tribunal cualificador do proceso de selección que terá a seguinte composición:

- Presidente: Juan Ramón López Tojo, condutor camiión do lixo Concello de Touro.
- Secretario: José López González, secretario-interventor do Concello de Touro.
- Vogal 1º: José Ramón Casal Orza, administrativo do Concello de Touro.
- Vogal 2ª: María Carmen Becerra Carlín, auxiliar administrativa do Concello de Touro.
- Vogal 3ª: Paz Gutiérrez Abella, traballadora social do Concello de Touro.

TERCEIRO. Fixar a data para a sesión de constitución do Tribunal para o xoves 6 de agosto ás 8.45 horas na Casa do Concello de Touro.

CUARTO. Fixar a data para a realización da fase de oposición para o xoves 6 de agosto ás 9.00 horas na “Nave de Servicios Municipales” situada en Rúa Río Ulla nº 5 – Fonte Díaz – Touro.

QUINTO. Publicar a presente no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

SEXTO. Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión ordinaria que teña lugar.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)
R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor